

**MELLORAR EN IGUALDADE
PARA PREVIR A VIOLENCIA
DE XÉNERO**

I.E.S. A XUNQUEIRA I

Pontevedra

ÍNDICE

<u>1.Descripción do centro.....</u>	<u>2</u>
<u>2.Situación e características.....</u>	<u>3</u>
<u>3.Características e número do alumnado</u>	<u>3</u>
<u>4.Características e número do profesorado.....</u>	<u>4</u>
<u>5.Antecedentes e experiencia do centro, na participación noutros programas relacionados coa educación en valores.....</u>	<u>6</u>
<u>6.Deseño do proxecto.....</u>	<u>6</u>
<u>a)Xustificación:</u>	<u>6</u>
<u>b)Obxectivos:.....</u>	<u>7</u>
<u>c)Contidos:.....</u>	<u>7</u>
<u>d)Módulo de formación:.....</u>	<u>8</u>
<u>e)Actividades:.....</u>	<u>8</u>
<u>f)Secuencia e temporalización das actividades:.....</u>	<u>11</u>
<u>g)Metodoloxía:.....</u>	<u>12</u>
<u>h)Plan de avaliación:.....</u>	<u>12</u>
<u>i)Bibliografía:</u>	<u>12</u>

1. Descrición do centro

A denominación oficial do centro é Instituto de Ensino Secundario A Xunqueira I. É un centro de titularidade **pública** dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Este Centro comeza a súa andadura no

curso 1978-79, sendo o terceiro centro de Bacharelato de Pontevedra e o único, naquel momento, mixto. Daquela, comeza o curso con seiscentos estudantes entre mozos e mozas.

2. Situación e características

O I.E.S. “A Xunqueira I” atópase situado na rúa Alexandre Bóveda nº 1, de **Pontevedra**, dividido en dous edificios que albergan, respectivamente, o pavillón deportivo e as restantes dependencias. Encóntrase nunha zona estudiantil, a carón doutros centros de primaria e secundaria, facultades do Campus de Pontevedra, CEFORE e Escola Oficial de Idiomas. Polas súas características xeográficas e sociais, pode incluírse na categoría de “centros de carácter periférico mixto”, é dicir, está situado nun ensanche escolar da cidade próximo ao mundo rural circundante. Na súa orixe, estaba destinado a dar abeiro ao excedente de poboación escolar de bacharelato dos últimos anos setenta e, coa súa creación, rompeuse a dicotomía tradicional representada polos institutos “masculino” e “feminino” da cidade. Co paso do tempo, adquiriu un carácter “**rururbano**” polas características dos seu alumnado, procedente nun sesenta por cento das parroquias rurais do municipio e das áreas rurais da periferia; nun trinta por cento, da área suburbana de nova construción, formada sobre todo por e para a poboación emigrante retornada nos anos oitenta; e, nun dez por cento, das áreas residenciais da cidade, que posúen un nivel socioeconómico distinto ao das áreas anteriores.

Recentemente, a creación de centros de ensino secundario na parroquia de Monteporreiro ou no concello veciño de Poio, así como o I.E.S. Torrente Ballester, contribuíu en gran medida á redución e modificación das características do alumnado. Hoxe, coa adscripción dos centros de Educación Infantil e Primaria ós Institutos de Educación Secundaria, este centro é receptor de alumnado do concello de Campo Lameiro e da parroquia de Campañó, completándose con alumnado da cidade, cun importante número de inmigrantes, na **ESO**. No Bacharelato e nos Ciclos Formativos, aparte das procedencias anteriores, cabe suliñar a gran variedade de alumnado procedente de toda a bisbarra, por mor de ser o único centro da cidade e concellos limítrofes onde se imparte o **Bacharelato** dentro da modalidade **artística**, así como o **Ciclo Superior de Educación Infantil** e o **Ciclo Medio de Laboratorio**.

3. Características e número do alumnado

No presente curso **2006/2007** están matriculados no centro un total de **630** alumnos/as, desglosados por etapas e niveis, segundo a tabla adxunta:

CURSO	NIVEL	HOMES	MULLERES	TOTAIS
1º	ESO	37	29	66
2º	ESO	55	32	87
3º	ESO	45	40	85
4º	ESO	32	28	60
TOTAIS ALUMNOS/AS NA ESO				298
1º	BACHARELATO			
	CIENTIFICO	13	10	23
	HUM.Y CCSS	15	23	38
	ARTÍSTICO	13	23	36
2º	BACH			
	CIENTIFICO	11	18	29
	HUM Y CCSS	20	37	57
	ARTÍSTICO	11	42	53
TOTAIS ALUMNOS/AS NO BACHARELATO				236
1º	CICLO SUPERIOR DE EDUCACION INFANTIL	0	30	30
2º	CICLO SUPERIOR DE EDUCACIÓN INFANTIL	0	36	36
	CICLO MEDIO DE LABORATORIO	7	23	30
TOTAIS ALUMNOS /AS NOS CICLOS FORMATIVOS				96

A presente actividade *vai dirixida a todo o alumnado* do centro, sen distinción.

4. Características e número do profesorado

O profesorado está constituído por funcionarios/as de carreira, catedráticos/as e profesorado de ensino secundario, primario e técnico con carácter **definitivo** no centro. A Consellería de Educación nomea a unha parte do profesorado do centro en calidade de funcionarios/as en **expectativa** de destino, en **prácticas** ou **interinos/as**. Por último, e con carácter **especial**, se atopa o profesorado de relixión, nomeado pola Vicaría dependente do Arzobispado de Santiago de Compostela.

No presente curso académico están distribuídos, por **departamentos**, segundo a taboa que sigue:

DEPARTAMENTO	CAT	PT	PES	PEP	INT	ESP	PRA	ED	TOT
Ciencias da Natureza			4	1					5
Debuxo	1		4						5
Economía			1						1
Educación Física			3	1					4

Filosofía			2					2
Física e Química	1						1	2
Francés			2		1			3
Grego	1							1
Inglés			3	1				4
Intervención Socioc.			1		2			3
Laboratorio	1				1			2
Latín	1							1
Lingua Castelá			5	1	1			7
Lingua Galega			5					5
Matemáticas	1		4				1	6
Música			2		1			3
Orientación			1	1				2
Relixión						2		2
Serv. á Comunidade		2						2
Tecnoloxía			2					2
Xeografía Historia			2	1	1		1	5
TOTAIS								67

As abreviaturas correspóndense do seguinte xeito:

CAT.- Catedrático/a; **PT.**- Profesor/a Técnico ; **PES.**- Profesor/a de Ensino Secundario; **PEP.**- Profesor/a de Ensinanza Primaria; **INT.**- Profesor/a Interino/a; **ESP.**- Profesor/a especial; **PRA.**- Profesor/a en prácticas; **ED.**- Profesor/a en expectativa de destino.

Na presente actividade participan os seguintes profesores e profesoras:

- ⇒Dolores Varela Salgado (PES do Departamento de Lingua Castelá e Literatura) - Directora
- ⇒Luisa Fernanda Aris García (PES do Departamento de Servicios Socioculturais e á Comunidade) - Vicedirectora
- ⇒Francisco Javier Ferrín Brocos (Profesor interino do Departamento de Servicios Socioculturais e á Comunidade)
- ⇒Carina Rocío Vázquez Prado (Profesora interina do Departamento de Servicios Socioculturais e á Comunidade)
- ⇒Uxía Fonseca Roca (Profesora interina do Departamento de Francés)
- ⇒Manuel Rozados Fernández (PES do Departamento de Debuxo)
- ⇒José Manuel Ramos González (PES do Departamento de Matemáticas) – Secretario
- ⇒Luís Rascado Iglesias. (PEP do Departamento de Educación Física) - Xefe de Estudios
- ⇒Elena Ferro Dios - ESP de Relixión
- ⇒Beatriz Alvarez Pablos (ED de Xeografía e Historia)

⇒Teresa Claudina Moure Pena (ED de Xeografía e Historia)

5. Antecedentes e experiencia do centro, na participación noutros programas relacionados coa educación en valores.

A maioría do profesorado integrado nesta actividade ten experiencia en participar noutros proxectos e programas relacionados coa educación en valores como pode comprobarse no **anexo** adxunto.

- * Historia Universal – “A muller na historia” – A Nosa Terra
- * Saudiña – “Grupo de traballo para a igualdade”
- * Xermolar – “Mi vida en rosa” - CEFOR Pontevedra
- * Innovación Educativa – “A educación para a igualdade como tema transversal: unha proposta para traballar na titoría”
- * Programa de prevención da violencia de xénero para adolescentes – SGI
- * Previr dende a casa – “Guía para promover as relacións de paz e equidade”
- * “Cultura, Historia, Muller” – Concello de Pontevedra
- * “Cinco anos traballando a prol da igualdade no IES A Xunqueira 1 de Pontevedra” – VIII Foro Galego de Educación para a Igualdade

6. Deseño do proxecto

a) Xustificación:

Partimos dunha escola que por tradición histórica foi transmitindo valores culturais e actitudes diferenciadas e xerarquizadas para nenos e nenas. Aínda hoxe non pode decirse que o sistema educativo sexa satisfactorio, xa que está deseñado de tal xeito que reproduce actitudes, comportamentos e roles diferenciados para homes e mulleres na sociedade.

Acadar unha **educación non sexista** é un problema que excede ó marco da escola, xa que concirne tamén á familia e á sociedade enteira, pero a través da escola pode levarse a cabo unha importante labor de transformación.

Para elo, o primeiro paso a seguir sería a **concienciación** do persoal da escola sobre a importancia deste tema.

Sendo este un tema que preocupa a toda a comunidade educativa, aparece recollido no **PEC** do noso instituto nos seguintes apartados e tal como sigue:

II) Sinais de identidade:

“A igualdade de oportunidades será promovida mediante a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, ...”

III) *Obxectivos Xerais:*

1) *Ámbito pedagóxico:*

c) Actitudes, valores e normas: “Potenciar un réxime de coeducación no que non se produza ningún tipo de discriminación”

3) *Ámbito humano e convivencial:*

- “Establecer un marco de convivencia baseado nun regulamento de réxime interno que permita a tódolos membros da comunidade escolar facer uso dos seus dereitos sen esquece-las súas obrigas”

- “ Conseguir que a convivencia no centro, baseada no diálogo, o respecto e a estima, permita o nacemento de vencellos de amizade e comunicación”.

b) **Obxectivos:**

-Promover a sensibilización, a implicación e o compromiso do profesorado, do alumnado e de toda a comunidade educativa nos **valores** educativos, sociais e culturais que determinen un profundo interese pola igualdade efectiva de mulleres e homes.

-Promover **cambios** de actitudes no alumnado para romper os estereotipos que perpetúan a discriminación.

-Deseñar estratexias educativas que permitan **mellorar** a práctica da igualdade no centro.

-Reforzar a **autoestima** das alumans e dos alumnos.

-Fomentar a **participación** dos alumnos nas tarefas do fogar, así como en actividades consideradas tradicionalmente femininas e a das alumnas en actividades consideradas tradicionalmente masculinas.

-Coñecer a problemática da **violencia de xénero** e as canles para a atención social, xudicial e persoal deste colectivo.

-Concienciar á comunidade escolar sobre a **orixe educativa** da violencia de xénero.

-Valorar a importancia e fomentar a participación da muller na **vida pública** dentro dunha sociedade democrática

-Favorecer a educación en actitudes e valores asociados á **práctica** efectiva da igualdade.

-Facilitar o coñecemento do **traballo das mulleres** da comunidade galega, así como fomentar comportamentos respectuosos e comprometidos.

-Facilitar o intercambio e difusión de **materiais** e experiencias para unha educación na igualdade.

c) **Contidos:**

- Análise de materiais, impresos, solicitudes, libros de texto, etc., para detectar **linguaxe** ou expresións sexistas e desenvolvemento de propostas de modificación para evitalas.

- Estudo e análise crítica dos **estereotipos** desencadeantes da discriminación de xénero ou de orientación sexual, sobre todo na publicidade e nos medios de comunicación, co obxecto de desenvolver estratexias persoais para a promoción da igualdade e o respecto polas diferentes orientacións sexuais.
- **Mitos** sobre a violencia de xénero e prevención dela.
- Mellora da **autoestima**, desenvolvemento de habilidades sociais e control emocional do alumnado.
- Obradoiros para a adquisición de destrezas en actividades realizadas tradicionalmente polos **homes**.
- Obradoiros para a adquisición de destrezas en actividades realizadas tradicionalmente por **mulleres**.

d) **Módulo de formación:**

Trataríase de conseguir que, a través de 10 horas de formación, impartidas por persoas expertas en temas de igualdade, coeducación e violencia de xénero, o profesorado que conforma o grupo de traballo, que vai a actuar durante o curso escolar 2.006 – 07, dentro do programa Valora - Igualdade adquira coñecementos e estratexias para poder realizar actividades co alumnado, co profesorado e coas familias.

Dado que o título do traballo é “**Mellorar en igualdade para previr a violencia de xénero**” pensamos que sería conveniente tratalo a través de cinco módulos impartidos ao longo de 5 tardes cun horario de 16:30 a 18:30 horas cada unha.

Os **módulos** serían os seguintes:

- 1) Masculinidades e feminidades tradicionais. Novas formas de ser e sentirse home ou muller.
- 2) Desigualdade e violencia. O medo á diversidade.
- 3) Violencia, xénero e coeducación. Conflictos e medos na relación interxéneros.
- 4) O papel da familia e os medios de comunicación na transmisión de valores.
- 5) O papel do profesorado. Actitudes e comportamentos.

e) **Actividades:**

Partindo da dirección do centro, involucrada como membros do grupo de traballo, e a través das titorías e o profesorado en xeral, faremos as seguintes actividades:

- Programa “**Quérote**” (educación afectivo-sexual) dirixido a 3º e 4º da ESO, en colaboración coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- Proyecto educativo para la ESO “**Adolescencia y tú**” dirixido ao alumnado de 2º da ESO en colaboración con Arbora & Ausonia.

- En colaboración coa **ANPA**:

“VII Xornada de pais e nais educando en igualdade”, celebrado en outubro de 2.006, actividade do Servizo Galego de Igualdade.

Participación da ANPA en temas de igualdade dentro do programa Escolas / Familia do Concello de Pontevedra

- En **titorías**, traballar en torno o 25 de novembro e 8 de marzo, e ademais no 1º ciclo da ESO organizar obradoiros para a realización de actividades consideradas tradicionalmente masculinas ou femininas (planchar, manexar ferramentas, coser, ...)
- Incentivar a participación no día das **Letras Galegas**, xa que este ano xira en torno a unha muller.
- Realización en algúns grupos de alumando de ESO e Bacharelato, a través do profesorado de Ciencias Sociais dun pequeno traballo de investigación seguindo o **Proxecto IRIS** (Iniciativas Rurais para a Igualdade Sociolaboral)
- Participación na campaña do Concello de Lalín “**Cóntallo a quen maltrata**”, concurso de cartas e carteis.
- Participación do profesorado do centro no próximo **Foro** de Igualdade organizado polo Servizo Galego de Igualdade.
- Eliminación do sexismo na **linguaxe** do centro impulsado pola dirección e coa colaboración do profesorado do centro (páxina web, programa de faltas do alumnado, textos diversos,...)
- Impulsar o tratamento do tema da Igualdade a través de **películas** como “El sueño imposible”, “Billy Elliot” e “A vida en rosa” e as respectivas **Unidades Didácticas** elaboradas polo profesorado do centro.
- Traballar o tema da igualdade a través da relación dos titores e titoras cos **pais e coas nais** do alumnado.
- Incluir o **persoal non docente** nos temas de igualdade, tendo en conta que tanto na oficina, como na conserxería e no persoal de limpeza hai presenza masculina e feminina.
- Organizar na biblioteca unha **sección de libros non sexistas**, incluído no Plan PROA no apartado de “Animación á lectura”.
- Impulsar os **xogos non sexistas** tanto na materia de Educación Física como nos recreos.
- Introducir na **páxina web** do instituto un apartado onde “colgar” os traballos realizados sobre este tema en anos anteriores, así como para intercambiar novas experiencias entre o alumnado do noso centro e outros.
- Organizar charlas dirixidas á comunidade educativa en relación coa Universidade de Vigo a través do **Máster** “Xénero e Políticas de Igualdade”.

- A través da Facultade de Ciencias da Educación traer ao centro a Exposición “**A muller na ciencia**” dirixida por M^a Álvarez Lires, dentro do 2.007 Ano da Ciencia.
- Organizar conxuntamente coa **Cátedra** “Violencia de xénero nas aulas” de Caixanova algunha actividade ou taller dirixido ao alumnado
- Traballar nas aulas os **temas transversais**, neste caso “A igualdade de oportunidades entre homes e mulleres”, na orientación académica e profesional facilitada a través do Dpto de Orientación e as Titorías.
- Iniciar un programa integrador no **Ciclo Superior de Educación Infantil** que teña como obxectivos:
 - * Mellorar a **preparación** do alumnado do ciclo en temas de igualdade (módulos a impartir, contidos, perspectivas,...)
 - * Poñer en práctica, na medida do posible, previa negociación coa dirección e co resto do persoal das **escolas infantís** de 1º ciclo, as propostas para evitar o sexismo desde a primeira infancia.
 - * Implicar ás **familias** do alumnado das escolas infantís na desaparición dos estereotipos sexistas (colores, xogos, linguaxe, actitudes,...)
- Posta en marcha do “**Decálogo de igualdade**” elaborado polo profesorado do grupo de traballo “Como mellorar a organización e o funcionamento dun centro educativo desde unha perspectiva de xénero”, dentro do CEFOR de Pontevedra no curso 2.005-06:

PROPOSTAS PARA UN BON FUNCIONAMENTO DO CENTRO

DESDE UNHA PERSPECTIVA DE XÉNERO

Se analizamos a linguaxe empregada no ámbito educativo (material didáctico, medios informáticos, lexislación, nomes de centros,...) desde unha **perspectiva de xénero** chegaremos á conclusión de que levamos parte do camiño andado pero que temos aínda moito por percorrer; existen multitude de alternativas que contribuirían a evitar formulacións sexistas se conseguimos entre todos e todas concienciar e sensibilizar á sociedade, procurando mellorar a nosa expresión e adecuala a unha realidade social na que a relación entre os colectivos femininos e masculinos quede patente.

Equilibrar a presenza de ambos colectivos nun centro de ensino pensamos que pode ser un bo instrumento na educación para a igualdade que permita visibilizar ás mulleres e facelas copartícipes e corresponsables; nesta liña queremos facer algunhas **propostas** que deberían ser aceptadas pola comunidade educativa e ser incluídas, se se consideran oportunas, no Proxecto Educativo de Centro (PEC).

1.- O equipo directivo dun centro debería estar integrado ao 50 % por mulleres e por homes ou que a desigualdade non superara en ningún caso o 60 % fronte a un 40 %.

2.- Deberíse garantir a formación en temas de igualdade dirixida ao profesorado en xeral, incluíndo o equipo directivo. **

3.- Na representación do alumnado debería procurarse que nos grupos mixtos houbera unha alumna e un alumno compartindo os postos de **delegado/a** e **subdelegado/a**.

4.- Debería terse en conta o **número de alumnas e alumnos** en cada grupo e procurar equilibrar a súa presenza como algo necesario para unha boa convivencia e un bo aprendizaxe.

5.- O Departamento de Orientación debería estar formado por unha **orientadora** e un orientador.

6.- Debería contemplarse a posibilidade de nomear unha **asesora ou un asesor de igualdade** en cada centro que podería ser calquera profesora ou profesor sensibilizado por este tema, así como estender esta asesoría ás Delegacións Provinciais de Educación.

7.- Deberíamos promover a realización de **actividades deportivas** variadas e non sexistas nas horas de Educación Física, así como de **xogos cooperativos** nos centros e actividades de lecer no horario non lectivo onde se favorezan as **relacións igualitarias** entre nenos e nenos.

8.- Poderíanse organizar nos primeiros cursos de ESO actividades que fomentaran a igualdade, como a realización de **tarefas domésticas** (planchar, lavar, cociñar, limpar, coser,...) ou a aprendizaxe no coidado de familiares menores e maiores nas horas de tutoría. ***

9.- Enriquecer o contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas **mulleres** no pasado e no presente. ****

10.- Implicar ós **pais e ás nais** na educación non sexista dos seus fillos e fillas colaborando cas titoras e cos titores.

* Título 2 Capítulo II Artículo 22 d) Anteproyecto de Ley Orgánica para la igualdad entre hombres y mujeres.

** Título 2 Capítulo III Artículo 102. Proyecto Ley Orgánica de Educación

*** Título 1 Capítulo I Artículo 9 c) Lei para a igualdade de mulleres e homes. Galicia.

**** Título 1 Capítulo I Artículo 9 b) Lei para a igualdade de mulleres e homes. Galicia.

f) Secuencia e temporalización das actividades:

As actividades levaráanse a cabo o longo de todo o curso escolar 2.006-07, e dicir de novembro de 2.006 a xuño de 2.007, agás as actividades puntuais que se desenvolverán en datas concretas como o 25 de novembro día da Violencia contra as mulleres, o 8 de marzo, día da muller traballadora e o 17 de maio día das letras galegas.

g) Metodoloxía:

A metodoloxía será fundamentalmente práctica e didáctica. En todo o proxecto aparecerá a negociación e a adaptación do traballo ás condicións particulares dos grupos, baseado nunha metodoloxía constructivista.

Realizaránse exercicios escritos e vivenciais, así como charlas, debates e grupos de discusión. Traballarase sobre casos reais e sobre a continuidade do exercicio educativo.

Aportarase documentación e bibliografía específica para cada grupo de traballo. O modelo de traballo será adaptativo ás circunstancias de cada grupo, o que significa que se intervirá segundo un esquema autorregulador de investigación.

h) Plan de avaliación:

Partindo dunha **avaliación inicial** realizada en grupo, entre o profesorado do programa, para diagnosticar as necesidades máis significativas, e coñecendo a situación real do centro, trataremos de poñer en marcha aquelas actividades que mellor sexan acollidas pola comunidade educativa.

Ao final de cada **trimestre** escolar valoraremos a continuidade das actividades ou a renovación, analisando os resultados, os fallos e os problemas que xurdiron.

O profesorado de grupo irá realizando avaliacións **parciais** co alumnado e as familias coas que realizou algunha actividade.

Como **todo o equipo directivo** está involucrado no programa, será este o que faga de impulsor e motor principal para incentivar a participar aos diferentes sectores, así como aportará materiais, medios, etc.

Dentro do equipo directivo será a **Vicedirectora** a responsable de coordinar os esforzos e supervisar o proxecto a través de informes que pedirá ao profesorado, enquisas realizadas ao alumnado e as familias, ou a través de reunións en pequeno grupo cos diferentes compoñentes da comunidade educativa.

Finalmente, ao remate do curso elaboraremos unha **memoria** – resumen das diversas actividades e iniciativas.

i) Bibliografía:

- *Como se enséña a ser niña: el sexismo en la escuela.* Monserrat Moreno. Icaria.

- *Comunica igualdade a través da imaxe. A imaxe das mulleres nos medios de comunicación.* S.G.I. Xunta de Galicia.
- *Educación para previr a violencia de xénero. Guía para o profesorado de educación secundaria.* S.G.I. Xunta de Galicia.
- *La educación sentimental.* Mercedes Oliveira. Icaria.
- *Por unhas relacións de calidade, evitemos a desigualdade.* S.G.I. Xunta de Galicia.
- *O centro educativo. Un espacio para a igualdade entre nenas e nenos.* S.G.I. Xunta de Galicia.
- *Recomendacións para unha linguaxe non discriminatoria.* S.G.I. Xunta de Galicia.
- *En femenino y en masculino.* Instituto de la mujer.
- *Elige bien: un libro sexista no tiene calidad.* Instituto de la Mujer.
- *Manual de Coeducación.* Federación do ensino de CCOO de Galicia.
- *Género y educación.* VVAA. Editorial Graó.
- *Coeducación.* Guía para el profesorado. Ana Sánchez Bello. Fundación Mujeres.
- *Eros: Materiais para pensar o amor.* Mercedes Oliveira. Xerais.
- *Educación de las relaciones afectivas y sexuales desde la filosofía coeducadora.* M^a José Urruzola. Maite Canal Editora.
- *Manual de Prevención de Violencia de Género para Adolescentes.* Álvarez, C. y Delso A. Madrid: Cruz Roja España.
- *Hacia una crítica de la razón patriarcal.* Amorós, C. Barcelona: Anthropos
- *Historia de la Teoría Feminista.* Amorós, C. Comunidad de Madrid
- *Ampliar los horizontes masculinos y femeninos: Las expresiones de las masculinidades en la adolescencia.* Barragán, F. Informe inédito.
- *Violencia de género y curriculum: Un programa para la mejora de las relaciones interpersonales y la resolución de conflictos.* Barragán, F. Málaga: Aljibe
- *Los varones y el cambio de las mujeres.* Materiales de trabajo nº 27. Bonino, L. Madrid: Ministerio de Asuntos Sociales. Dirección General del Menor y la Familia.
- *El curriculum oculto.* Torres, J. Madrid: Morata.